

Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9 DE MARZO DE 2017

Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Concelleiras e concelleiros ausentes:

Don Francisco García Dios.

Secretario accidental:

Don Manuel Carramal Silva.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día nove de marzo de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos do Secretario accidental da Corporación don Manuel Carramal Silva, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 23 DE FEBREIRO DE 2017.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o tres de novembro de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "PRAZA DA LEÑA" POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E TRAMITACIÓN ORDINARIA. EXPTE. 36/2016-OB-PNSP, INCLUÍDA NO PAS/2015.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 3 de marzo de 2017:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Providencia do señor Alcalde do 14 de febreiro do 2017 incóase o expediente de contratación da obra "Praza da Leña", o número 36/2016-OB-PNSP, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, solicítase á intervención municipal certificado da existencia de crédito ou documento

que legalmente o substitúa por importe de 31.619,60 €, IVE incluído, e ordénase incorporar ao mesmo o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicadas no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 3 do 7 de xaneiro do 2016, que rexerán a contratación, dado que a obra finánciase con cargo ao Plan provincial PAS 2015.

Segundo. O 23 de febreiro do 2017 emítase o documento contable acreditativo da existencia de crédito, incorpórase o prego de cláusulas administrativas debidamente cuberto e o informe da secretaria municipal no que se conclúe informar favorablemente o expediente.

Terceiro. O 23 de febreiro do 2017 emítase o informe de fiscalización por parte do interventor accidental municipal.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao establecido no artigo 109 e 121 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP), constan no expediente de contratación:

- Proxecto técnico aprobado.
- Acta de implantación do proxecto.
- Resolución de incoación do expediente de contratación
- Acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.
- O prego de cláusulas administrativas particulares.
- O informe de secretaria.
- O informe de fiscalización da intervención municipal.

Segundo. O artigo 110 do TRLCSP establece que "*completado o expediente de contratación, o órgano de contratación ditará unha resolución motivada en que aprobe este e dispoña a apertura do procedemento de adjudicación*" e que esta resolución "*implicará tamén a aprobación do gasto*".

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,


Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación número 36/2016-OB-PNSP tramitado para a adjudicación da obra "Praza da Leña" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

Segundo. Autorizar o gasto por un importe total de,

- a) Importe sen IVE: vinte e seis mil cento trinta e un euros con noventa céntimos (26.131,90 €).
- b) IVE (21%): cinco mil catrocentos oitenta e sete euros con setenta céntimos (5.487,70 €).
- c) Importe con IVE: trinta e un mil seiscientos dezanove euros con sesenta céntimos (31.619,60 €).

Terceiro. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e que foi elaborado seguindo o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicado no Boletín Oficial da



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Provincia número 3 do 7 de xaneiro do 2016 e corrección de erros publicada no BOP número 63 do 5 de abril do 2016, ao que se teñen engadido os Anexos VI, VII, VIII, IX e X.

Cuarto. Designar ás seguintes persoas para integrar o órgano colexidado encargado de realizar a negociación no procedemento de acordo ao establecido na cláusula 15 do prego de administrativas:

- Don José Ramón Pardo Andrade, Concelleiro delegado de obras do Concello de Padrón ou persoa que legalmente o substitúa.
- Dona Ana María Ares Álvarez, Secretaria do Concello de Padrón ou persoa que legalmente a substitúa.
- Don Francisco Ferro González, arquitecto técnico que presta servizos no Concello de Padrón.

Quinto. Designar ao señor Alcalde, ou persoa que legalmente o substitúa, como a persoa encargada de analizar a documentación incluída no Sobre A e facer os requirimentos oportunos si se atopan defectos subsanables e a encargada de requerir a documentación relacionada na cláusula 16.2 ao empresario proposto como adxudicatario.

Sexto. Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e publicar o correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.padron.gal) ou www.contratosdegalicia.es) para que todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de oito (8) días naturais contados desde a publicación do devandito anuncio.

Sétimo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Oitavo. Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 3 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "RÚA BORDEL" POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E TRAMITACIÓN ORDINARIA. EXPTE. 35/2016-OB-PNSP, INCLUÍDA NO PAS/2015.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 3 de marzo de 2017:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Providencia do señor Alcalde do 4 de febreiro do 2017 incóbase o expediente de contratación da obra "Rúa Bordel", o número 35/2016-OB-PNSP, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, solicítase á intervención municipal certificado da existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa por importe de 81.373,94 €, IVE incluído, e ordénase incorporar ao mesmo o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicadas no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 3 do 7 de xaneiro do 2016, que rexerán a contratación, dado que a obra finánciase con cargo ao Plan provincial PAS 2015.

Segundo. O 23 de febreiro do 2017 emítese o documento contable acreditativo da existencia de crédito, incorpórase o prego de cláusulas administrativas debidamente cuberto e o informe da secretaria municipal

no que se conclúe informar favorablemente o expediente.

Terceiro. O 23 de febreiro do 2017 emítase o informe de fiscalización por parte do interventor accidental municipal.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao establecido no artigo 109 e 121 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP), constan no expediente de contratación:

- Proxecto técnico aprobado.
- Acta de implantación do proxecto.
- Resolución de incoación do expediente de contratación
- Acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.
- O prego de cláusulas administrativas particulares.
- O informe de secretaría.
- O informe de fiscalización da intervención municipal.

Segundo. O artigo 110 do TRLCSP establece que "*completado o expediente de contratación, o órgano de contratación ditará unha resolución motivada en que aprrobe este e dispoña a apertura do procedemento de adxudicación*" e que esta resolución "*implicará tamén a aprobación do gasto*".

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación número 35/2016-OB-PNSP tramitado para a adxudicación da obra "Rúa Bordel" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

Segundo. Autorizar o gasto por un importe total de,

- a) Importe sen IVE: sesenta e sete mil douscentos cincuenta e un euros con dezanove céntimos (67.251,19 €).
- b) IVE (21%): catorce mil cento vinte e dous euros con setenta e cinco céntimos (14.122,75 €).
- c) Importe con IVE: Oitenta e un mil trescentos setenta e tres euros con noventa e catro céntimos (81.373,94 €).

Terceiro. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e que foi elaborado seguindo o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 3 do 7 de xaneiro do 2016 e corrección de erros publicada no BOP número 63 do 5 de abril do 2016 , ao que se teñen engadido os Anexos VI, VII, VIII, IX, X, XI e XII.

Cuarto. Designar ás seguintes persoas para integrar o órgano colexiado encargado de realizar a negociación no procedemento de acordo ao establecido na cláusula 15 do prego de administrativas:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- Don José Ramón Pardo Andrade, Concelleiro delegado de obras do Concello de Padrón ou persoa que legalmente o substitúa.
- Dona Ana María Ares Álvarez, Secretaria do Concello de Padrón ou persoa que legalmente a substitúa.
- Don Francisco Ferro González, arquitecto técnico que presta servizos no Concello de Padrón.

Quinto. Designar ao señor Alcalde, ou persoa que legalmente o substitúa, como a persoa encargada de analizar a documentación incluída no Sobre A e facer os requirimentos oportunos si se atopan defectos subsanables e a encargada de requerir a documentación relacionada na cláusula 16.2 ao empresario proposto como adxudicatario.

Sexto. Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e publicar o correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.padron.gal) ou www.contratosdegalicia.es) para que todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de oito (8) días naturais contados desde a publicación do devandito anuncio.

Sétimo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Oitavo. Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 3 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

4.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "REPARACIÓN DE CAMIÑO EN TARRÍO-HERBÓN". EXpte. 08/2016-OB-PNSP, INCLUÍDA NO POS 2016.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 7 de marzo de 2017:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xuño do 2016, aprobouse o expediente administrativo de contratación da obra "Reparación de camiño en Tarrío e Herbón", por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, expte. número 08/2016-OB-PNSP, obra incluída no POS 2016.

Segundo. No mesmo acordo ordénase publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.concellodepadron.es ou www.contratosdegalicia.es) resultando insertado o 23 de xuño de 2016.

Terceiro. Durante o prazo de oito (8) días naturais outorgado para a presentación das ofertas, que rematou o 1 de xullo do 2016, presentáronse un total de 7.

Cuarto. O 9 de agosto de 2016 procédese á apertura dos Sobre A e dos Sobres B e seguidamente solicítase informe ao arquitecto técnico don Francisco Ferro González sobre a valoración das referencias técnicas, o cal resulta emitido o 20 de xaneiro do 2017.

Quinto. O 25 de xaneiro de 2017 procédese á apertura dos sobres C e á valoración do conxunto das ofertas

e ábrese unha rolda de negociación coas persoas licitadores. Para elo o 27 de xaneiro do 2017 remíteselles información sobre a posición de cada unha na escala de valoracións e as puntuacións parciais e totais obtidas por todas (ocultando a identidade das mesmas) e invitándoas a presentar unha segunda oferta, nun prazo non superior a 48 horas, en relación exclusivamente aos aspectos que poden ser mellorados, é dicir: porcentaxe de control de calidade (tanto interno como externo) e oferta económica.

Sexto. Rematado o prazo anterior presentáronse un total de 5 ofertas melloradas e o 3 de febreiro de 2016, o órgano encargado da negociación, procede á valoración destas e á formulación dunha nova escala de valoracións ordenada de xeito decrecente.

Séptimo. O 9 de febreiro do 2016 requírese a NEMESIO ORDÓÑEZ, SA para que presente a documentación relacionada na cláusula 16.2 do prego de administrativas e 151.2 do TRLCSP. Esta resulta presentada o 7 de marzo e compróbase que está correctamente.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Vistos os criterios recollidos no Anexo V do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación e a proposta formulada o 8 e 15 de marzo de 2016 de valoración das ofertas presentadas e de adxudicación a favor da que obtivo unha maior puntuación.

Segundo. Considerando que o artigo 151.3 da Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP) recolle que “o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do prazo dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación”, referíndose con elo aos certificados de estar ao corrente das débedas tributarias e das obrigas coa seguridade social e á garantía definitiva.

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local polo artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Declarar admitidas a todas as persoas licitadoras que participaron no procedemento de contratación 08/2016-OB-PNSP, a saber:

1. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL.
2. EXCAVACIONES OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL.
3. NEMESIO ORDÓÑEZ, SL.
4. OBRAS Y VIALES GALICIA, SL.
5. CANARGA CONSTRUCCIONES, SL.
6. EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA.
7. HORDESCON, SL.

Segundo. Outorgar as seguintes puntuacións totais e parciais ás persoas licitadoras admitidas no procedemento, tendo en conta as segundas ofertas presentadas por catro delas e segundo as fórmulas e criterios recollidos na cláusula 12.2 e 3 e Anexo V do prego de administrativas que rexen esta contratación, e ordenalas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

1º NEMESIO ORDÓÑEZ, SA



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tff: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DATA DE PRESENTACIÓN		NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA			
31/01/2017		824			
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		1ª OFERTA		2ª OFERTA	
		OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).			18,00		18,00
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).			20,00		20,00
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).			20,00		20,00
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).			10,00		10,00
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	10%	6,67		6,67
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+4%	12,00		12,00
G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 55.642,91€ IVE incluído.		52.849,64 €	2,74	41.715,49 €	10,00
Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.		2% // 12,50%			
		TOTAL 1ª OF.	89,41	TOTAL 2ª OF.	96,67


2º OBRAS Y VIALES GALICIA, SL					
DATA DE PRESENTACIÓN		NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA			
01/02/2017 (previa recepción por fax o 30/01/2017 do xustificante de envío por correo postal)		852			
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		1ª OFERTA		2ª OFERTA	
		OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).			18,00		18,00
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).			20,00		20,00
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).			20,00		20,00
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).			10,00		10,00
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	10%	6,67		6,67
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+4%	12,00		12,00
G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 55.642,91 € IVE incluído.		52.000,00 €	3,58	42.420,00 €	9,52
Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.		0% // 0%			
		TOTAL 1ª OF.	90,25	TOTAL 2ª OF.	96,19

3º CANARGA CONSTRUCCIONES, SL					
-------------------------------	--	--	--	--	--

DATA DE PRESENTACIÓN		NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA			
31/01/2017		822			
CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN		1ª OFERTA		2ª OFERTA	
		OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).			18,00		18,00
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).			20,00		20,00
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).			20,00		20,00
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).			10,00		10,00
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	7%	4,67		4,67
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+4%	12,00		12,00
G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 55.642,91 € IVE incluído.		50.078,62 €	5,35	42.677,99 €	9,34
Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.		0% // 0%			
		TOTAL 1ª OF.	90,02	TOTAL 2ª OF.	94,01

4º MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, SL					
DATA DE PRESENTACIÓN		NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA			
31/01/2017 (previa recepción por fax o 30/01/2017 do xustificante de envío por correo postal)		821			
CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN		1ª OFERTA		2ª OFERTA	
		OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).			18,00		18,00
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).			20,00		20,00
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).			20,00		20,00
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).			10,00		10,00
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	10%	8,00		8,00
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+4%	12,00		12,00
G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 55.642,91 € IVE incluído.		55.821,82 €	2,77	48.809,95 €	5,00
Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.		0% // 0%			
		TOTAL 1ª OF.	90,77	TOTAL 2ª OF.	93,00

5º HORDESCOM, SL					
DATA DE PRESENTACIÓN		NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA			



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

04/07/2016		5.897			
CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN		1ª OFERTA		2ª OFERTA	
		OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).			18,00		18,00
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).			20,00		20,00
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).			20,00		20,00
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).			10,00		10,00
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	3%	2,00		2,00
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+4%	12,00		12,00
G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 55.642,91 € IVE incluído.		47.202,20 €	7,83	47.202,20 €	6,18
Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.		0% // 0%			
TOTAL 1ª OF.			89,83	TOTAL 2ª OF.	88,18

6º EULOGIO VIÑAL OBAS Y CONSTRUCCIONES, SA					
DATA DE PRESENTACIÓN			NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA		
01/02/2017 (previa recepción por faxo 31/01/2017 do xustificante de envío por correo postal)			853		
CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN		1ª OFERTA		2ª OFERTA	
		OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).			18,00		18,00
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).			20,00		20,00
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).			18,00		18,00
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).			8,00		8,00
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	5%	3,33		3,33
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+3%	9,00		9,00
G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 55.642,91 € IVE incluído.		49.522,19 €	5,83	43.345,83 €	8,89
Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.		0% // 0%			
TOTAL 1ª OF.			82,16	TOTAL 2ª OF.	85,22

7º EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL	
DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA
01/07/2016	5.865

CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN		1ª OFERTA		2ª OFERTA	
		OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).			18,00		18,00
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).			20,00		20,00
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).			18,00		18,00
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).			8,00		8,00
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	8,20%	5,47		5,47
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+4%	12,00		12,00
G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 55.642,91 € IVE incluído.		52.393,00 €	3,19	52.393,00 €	2,38
Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.		8,33% // 0%			
TOTAL 1ª OF.			84,66	TOTAL 2ª OF.	83,85

Terceiro. Adjudicar o contrato de execución da obra "Reparación do camiño Tarrío-Herbón" a NEMESIO ORDÓÑEZ, SA, con código de identificación fiscal número A-15.146.608, ao tratarse da licitadora que obtivo unha maior puntuación no procedemento e cuxa oferta reúne as condicións para poder ser aceptada, nas seguintes condicións:


- Porcentaxe de control interno de calidade = 10,00%.
- Porcentaxe de control externo de calidade = 1%+4%.
- Prezo:
 - a) Prezo sen IVE: trinta e catro mil catrocentos setenta e cinco euros con sesenta e un céntimos (34.475,61 €).
 - b) IVE (21%): sete mil douscentos trinta e nove euros con oitenta e oito céntimos (7.239,88 €).
 - c) Prezo con IVE (a+b): corenta e un mil setecentos quince euros con corenta e nove céntimos (41.715,49 € €).

Cuarto. Citar ao representante da empresa adjudicataria para a sinatura do documento administrativo de formalización do contrato ás 11:00 horas do 15 de marzo do 2017, na Casa do Concello de Padrón.

Quinto. Nomear director facultativo e coordinador da seguridade e saúde da obra, durante o tempo que dure a súa execución e ata a súa liquidación final unha vez tanscorrido o prazo de garantía, ao enxeñeiro de camiños de Estudio Técnico Gallego, SA, don Julio C. Rojo Martínez, número de Colexiado 3.871.

Sexto. Designar, de acordo ao establecido na cláusula 29 do prego de administrativas, á seguinte empresa para realizar o control de calidade externo a costa do contratista por un importe máximo de 1.932,18 €, esto é, o 5% do orzamento de execución material do proxecto aprobado (38.643,09 €): EUROTEC INSPECCIÓN, SLU.

Sétimo. Ordenar a publicación do correspondente anuncio de adjudicación no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.padron.gal e www.contratosdegalicia.es) e notificar o presente acordo a todas as licitadoras participantes e ás nomeadas nos dous apartados anteriores, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde no prazo dun mes



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Oitavo. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención-Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 7 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

5.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE ALBERGUE TURÍSTICO SITO NA RÚA VILA DE RIANXO Nº 11, BAIXO, FORMULADA POR DON SANTIAGO MONTENEGRO GONZÁLEZ. EXPEDIENTE 8/2017/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 7 de marzo de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 19 de xaneiro de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 520, formulario de comunicación previa de obras de acondicionamento de local para a actividade de albergue turístico sito na rúa Vila de Rianxo nº 11, baixo, con referencia catastral 7914342NH2371N0001SU, formulada por D. Santiago Montenegro González. Achégase coa solicitude proxecto técnico de acondicionamento de local para albergue de peregrinos redactado e asinado polo arquitecto D. David Fernández Nogueira.

Segundo. En data 10 de febreiro de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite requirimento de documentación adicional necesaria para a tramitación do expediente, referindo así mesmo que se trata de obras sometidas ao réxime de licenza urbanística e non de comunicación previa.

Terceiro. En mesma data ten saída requirimento ao interesado do exposto no informe técnico municipal.

Cuarto. En data 16 de febreiro de 2017 o interesado achega documentación adicional incluíndo formulario de solicitude de licenza municipal de obras.

Quinto. En data 28 de febreiro de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Sexto. En data 6 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Tendo en conta o exposto nos informes técnicos municipais de datas 10 e 28 de febreiro de 2017, e o informe xurídico de data 6 de marzo de 2017 que son asumidos por esta resolución coma motivación, conforme o disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do informe xurídico que se transcribe a continuación:

***Primeiro.** Trátase dunha solicitude de título habilitante para a execución de obras de acondicionamento dun local para albergue de peregrinos.*

Falamos de título habilitante dado que a nova regulación establecida pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (en adiante LSG) establece unha dualidade de títulos habilitantes para a execución de obras, dado que para determinadas intervencións mantén o réxime anterior de licenza previa de obras, e para intervencións máis sinxelas, non precisadas da redacción dun proxecto técnico ou que non afectan a elementos sensibles dende o punto de

vista de protección do patrimonio establece o réxime de comunicación previa, no que non se precisa unha resolución expresa senón que o promotor comunica ao Concello que no prazo de quince días hábiles procederá ao inicio das obras e refire o seu axuste á normativa urbanística, baixo a súa responsabilidade.

No presente caso, por parte do técnico municipal se determinou no seu informe de data 10 de febreiro de 2017 que as obras solicitadas non estaban dentro das tramitables coma comunicación previa de obras, debendo presentarse unha solicitude de licenza previa de obras. Neste senso nos remitimos ao citado informe dado que o criterio para determinar a aplicabilidade dun ou outro réxime e esencialmente técnico e polo tanto non forma parte do obxecto do presente informe.

Segundo. *A maiores, debemos ter en conta que a finalidade das obras é o desenrolo dunha actividade económica. Neste senso, resulta de aplicación o disposto polo Decreto 144/ 2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. Este regulamento clarifica o procedemento establecido pola lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia.*

O citado Regulamento único establece no seu artigo 13, referido ás obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade:

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente tal circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, de ser o caso, poñerase en coñecemento da Administración Municipal os datos identificativos e achegarase a documentación prevista no artigo 11 deste regulamento.

Debemos verificar polo tanto que xunto coa solicitude de licenza se achegou a documentación referida no artigo 11 do regulamento, que se refire á comunicación previa de exercicio dunha actividade económica e apertura de establecementos. A documentación a achegar sería:

a) Datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así coma un enderezo a efectos de notificacións: En ausencia dunha determinación concreta, no presente caso tomaremos como persoa física titular do establecemento ao promotor das obras de acondicionamento, D. Santiago Montenegro González. Se finalmente a actividade se exercerá por outra persoa física ou xurídica, a súa identificación terá lugar coa comunicación previa de inicio da actividade.

b) Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver: Tales extremos constan no proxecto técnico achegado coa solicitude de licenza de obras.

c) O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos: o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, o que procede segundo o criterio do informante é requirir que se achegue coa comunicación previa de inicio da actividade o resguardo de ter abonados os tributos derivados da execución das obras, que lle serán liquidados polo servizo de tesourería municipal unha vez outorgada, no seu caso, a licenza, isto é, o resguardo de pago do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.) e a Taxa por Expedición de Licenzas Urbanísticas (E.L.U.).

Quedaría pendente o pago da Taxa de apertura de establecementos, que será liquidada pola



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

tesourería municipal no momento en que se proceda á presentación da comunicación previa de inicio da actividade. O interesado deberá achegar a copia do resgardo de ingreso do citado tributo no momento en que se proceda ao seu abono. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, coas consecuencias previstas legalmente en torno á continuidade da actividade e a sanción que proceda, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

d) Unha declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso subscrita por técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico: Tal declaración non consta no expediente, polo que deberá achegarse, se ben o proxecto técnico presentado certifica o cumprimento dos citados requisitos, e foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais, polo que entendemos debe requirirse a súa presentación con carácter previo ou simultáneo á comunicación previa de inicio da actividade.

e) O proxecto e a documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade ou instalación. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente: Achégase proxecto técnico de acondicionamento de local para albergue de peregrinos redactado e asinado polo arquitecto D. David Fernández Nogueira, que entendemos cumpre con este apartado.

f) A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso: Non procede polo tipo de actividade a desenrolar, non sometida a autorización ou declaración ambiental.

g) As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos: Neste senso, a actividade pretendida, de albergue de peregrinos, está sometida á necesidade de inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o disposto no artigo 29 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia. Esta mesma normativa establece no seu artigo 28: 4. Os demais provedores de servizos turísticos, incluídos no ámbito de aplicación desta lei, **deberán presentar perante a consellaría competente en materia de turismo unha declaración responsable de inicio de actividade, manifestando o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa turística e o seu compromiso de os manter durante o tempo de vixencia da actividade**, relativos ao servizo ou ao establecemento e á súa clasificación turística, na cal se fixará o grupo, a categoría, a modalidade e, se é o caso, a especialidade que lle puiden corresponder, ademais da documentación exixida regulamentariamente para a prestación do servizo ou a apertura do establecemento.

Polo tanto, entendemos que para o inicio da actividade resulta necesaria a comunicación previa prevista no artigo 28 da Lei 14/2008, así coma a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia, que determinará a clasificación da actividade. Esta documentación non consta no expediente, o que deberá emendarse.

h) De ser o caso, certificado de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento: Non procede.

Polo tanto, entendemos que procede requirir a aportación da seguinte documentación, aparte do referido no tocante ao resgardo de pagamento dos tributos municipais:

– Declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso subscrita por técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

– Comunicación previa prevista no artigo 28 da Lei 14/2008, así coma a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia, que determinará a clasificación da actividade.

Terceiro. A necesidade de presentar esta documentación xunto coa solicitude de licenza ven reflectida así mesmo no apartado segundo do mesmo artigo 11 do regulamento. Este precepto determina así mesmo que logo de rematar a obra, presentaráse a comunicación previa para o inicio da actividade ou apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado de fin de obra asinado por técnico competente, así coma cando proceda o certificado acústico.

Esto debemos poñelo en relación co disposto polo artigo 13 no seu apartado segundo, que refire que nos caso que nos ocupa dunha obra afecta ao exercicio dunha actividade, as facultades municipais de comprobación, control e inspección se leven a cabo en primeiro lugar respecto á actividade á que vai destinada a obra, e debe suspenderse toda actuación administrativa en relación coa mesma entremetres a persoa interesada non acredite debidamente o cumprimento dos requisitos legais para o exercicio da actividade.

Para o caso dunha obra sometida ao réxime de licenza previa, o mesmo artigo determina que se procederá a requirir a emenda das deficiencias detectadas na documentación ou requisitos relativos á actividade quedando en suspenso o procedemento de outorgamento da licenza mentras non se solventan as mesmas.

Isto implica no caso que nos ocupa que de inclinarnos por unha aplicación literal da normativa se debería proceder a requirir ao interesado para que presente a documentación que se referiu no anterior expositivo suspendendo o procedemento para o outorgamento da licenza de obras neste punto.

Agora ben, entendemos que a suspensión da tramitación debe vir dada por un incumprimento ou unha deficiencia que teña carácter esencial. Unha emenda de carácter menor non pode ao meu xuízo xustificar unha dilación do procedemento de outorgamento de licenzas, cando resulta acreditado que as obras de acondicionamento e a actividade pretendida resultan compatibles co planeamento e a normativa de aplicación, e as emendas se refiren a cuestións formais coma a inscrición nun rexistro ou unha declaración asinada coma é o caso. Tal consecuencia debería reservarse a incumprimentos manifestos e esenciais coma pode ser o proxecto técnico exigible ou a memoria de actividade que define a mesma.

Entendemos que para o caso que nos ocupa debemos ter en conta que se trata de requisitos que se deben cumprir con motivo da posta en funcionamento da actividade, e que se trata de emendas menores nunha actividade compatible, emendas que se poden achegar xunto coa comunicación previa de inicio da actividade, que debería adxuntar o certificado de fin de obra e o certificado acústico, de resultar de aplicación.

Polo tanto entendemos que procede tramitar a licenza de obra e requirir a presentación da documentación referida xunto coa comunicación previa de inicio da actividade.

Cuarto. En canto á exigencia de certificado acústico, ven regulado no decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia. No seu artigo 11 refire:

Artigo 11. Desenvolvemento de actividades en edificacións



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

1. As persoas titulares de actividades que se pretendan desenvolver en edificacións deberán dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo anexo. O devandito informe deberá ser presentado ante o concello en que radiquen os locais nos cales se pretenda desenvolver a actividade xunto coa comunicación previa prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou xunto coa solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva.

2. Este informe incluírá os seguintes aspectos:

a) Illamento entre a actividade e as vivendas lindeiras co local (DnT 100-5000 Hz e DnT 125 Hz) e niveis de recepción interna nas vivendas lindeiras derivadas do funcionamento no local emisor e o tempo de reverberación.

b) Illamento acústico de fachada (D2m,nT 100-5000 Hz).

c) Nivel de ruído de impactos (L'nT 100-5000 Hz).

3. Non será obrigatoria a achega do informe previsto nos puntos anteriores deste artigo no caso de que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que as devanditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo dos labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local.

Polo tanto, o desenrolo da actividade pretendida requirirá da presentación ou ben do certificado acústico regulado nos apartados primeiro e segundo do citado artigo 11, ou ben da declaración expresa regulada no punto terceiro.

Quinto. Apuntado o que precede sobre a actividade a desenvolver, procede manifestarse neste punto sobre as obras pretendidas. De acordo co informe técnico municipal e visto o proxecto técnico presentado, entendemos que se trata do acondicionamento dun local na planta baixa dun edificio residencial para a actividade de albergue de peregrinos. Pese a que quizáis a ubicación non resulta idónea dado que segundo se extrae da información obrante no proxecto, as habitacións para os hóspedes non contan con fiestras ou iluminación natural. En todo caso, o proxecto xustifica a ventilación e a calidade de aire en tódalas estancias, e en este apartado nos remitimos expresamente ao informe técnico municipal de data 28 de febreiro de 2017, favorable ás obras solicitadas e que as considera compatibles, polo que entendemos que o proxecto xustifica axeitadamente os parámetros relevantes se ben coma queda dito nos remitimos ao informe técnico municipal neste aspecto dado que se trata dunha cuestión de carácter técnico e non xurídico.

O inmoble se sitúa en terreos clasificados polo planeamento municipal coma solo urbano, e coa cualificación de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE EDIFICACIÓNS ENTRE MEDIANEIRAS (URME-2).

A disposición transitoria primeira da LSG refírese, en relación aos municipios con planeamento non adaptado á Lei 9/2002, que no tocante ao solo clasificado coma urbano polo planeamento resultará de aplicación o disposto na Lei do Solo para o Solo urbano consolidado, sen prexuízo da aplicabilidade e vixencia do planeamento ata a súa revisión ou adaptación.

Polo tanto, aplicando o réxime de usos autorizables e condicións da edificación determinadas polo planeamento, o uso é compatible e visto o informe técnico municipal, non existe impedimento para o outorgamento da licenza solicitada.

(...)

Sétimo. En canto ás autorizacións sectoriais, visto o informe do técnico municipal, non son necesarias para o outorgamento da licenza solicitada.

Segundo. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:


Primeiro. Outorgar a D. Santiago Montenegro González licenza municipal de obras para acondicionamento de local para albergue turístico sito na rúa Vila de Rianxo nº 11, baixo, con referencia catastral 7914342NH2371N0001SU, conforme o proxecto técnico de acondicionamento de local para albergue de peregrinos redactado e asinado polo arquitecto D. David Fernández Nogueira, con número de rexistro 520, do 19 de xaneiro de 2017, expediente 8/2017/LU.

Segundo. Apercíbese ao solicitante da **obriga de presentar con carácter previo ao inicio da actividade á que están destinadas as obras o correspondente formulario de comunicación previa de inicio de actividade acompañado da seguinte documentación:**

- Certificado de fin de obra.
- Certificado acústico ou a declaración á que se refire o artigo 11.3 do decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso subscriba por técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- Comunicación previa prevista no artigo 28 da Lei 14/2008, así coma a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia, que determinará a clasificación da actividade.
- Resgardo de pagamento das liquidacións correspondentes do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.) e a Taxa por Expedición de Licenzas Urbanísticas (E.L.U.). Unha vez se lle xire a liquidación da taxa por apertura de establecementos, deberá achegar así mesmo o resgardo de pagamento da mesma para a súa incorporación ao expediente.

Terceiro. En base ao artigo 357.4 do Regulamento da Lei do Solo establece o contido mínimo do acto polo que se conceda a licenza, que, de acordo ao informe técnico e ao disposto no artigo 145.1 da LSG en relación aos prazos de caducidade das licenzas de obras, para a presente solicitude será:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL DE EDIFICACIÓN ENTRE MEDIANEIRAS (URME-2)
2. Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: acondicionamento de local para actividade de albergue de peregrinos.
3. Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
4. Orzamento de execución material: 105.000,00 euros.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

5. Situación e localización das obras: rúa Vila de Rianxo 11, baixo. Referencia catastral: 7914342NH2371N0001SU.
6. Nome ou razón social da persoa promotora: Santiago Montenegro González.
7. Técnico autor do proxecto: D. David Fernández Nogueira, arquitecto.
8. Técnico director das obras: D. David Fernández Nogueira, arquitecto.
9. Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 145 da Lei do Solo de Galicia e o 359 do Regulamento da Lei do solo. Os citados prazos son prorrogables previa petición expresa formulada perante o Concello antes da conclusión do prazo inicialmente conferido.

Cuarto. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Quinto. Conforme ao disposto polo artigo 357.6 do Regulamento da Lei do Solo, resulta indispensable dispor xunto á obra de copia autorizada da licenza municipal, e ao se tratar dunha obra maior resulta obrigatorio a colocación dun cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoitado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación.

Oitavo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Noveno. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 7 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

6.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE REFORMA DE NAVE EMPRESARIAL E LICENZA DE APERTURA PARA ACTIVIDADE DE TALLER DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES, NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE PAZOS, PARCELA 29. EXPEDIENTE OBRAS 160/2013 E ACTIVIDADE 54/2013.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 7 de marzo de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 23 de outubro de 2013 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8451, solicitude de licenza municipal de obras para a adecuación dun local para o exercicio da actividade de taller de reparación de vehículos automóbiles, na parcela 29 do Polígono Industrial de Pazos, referencia catastral 15066A501006660000BA, formulada por José Antonio Blanco Blanco en representación da mercantil "TALLERES GLOBAL CAR PADRÓN, S.L." O solicitante achega coa solicitude dúas copias de proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel García Álvarez.

Segundo. En mesma data o interesado formula solicitude de licenza de actividade de taller de reparación de vehículos automóbiles, con rexistro de entrada 8452, achegando alta no IAE, copia de escritura de constitución de sociedade limitada aos efectos de acreditar a representación.

Terceiro. En data 14 de agosto de 2014 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa desfavorablemente a solicitude requirindo a presentación de documentación adicional.

Cuarto. En data 19 de agosto de 2014 emítese requirimento da documentación requirida polo informe técnico municipal.

Quinto. En datas 16 de setembro e 6 de outubro de 2014 achégase polo solicitante a documentación requirida.

Sexto. En data 13 de outubro de 2014 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús, emite informe de compatibilidade cos instrumentos de planificación urbanística municipais.

Sétimo. En data 9 de setembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo emite informe previo de tramitación recomendando proceder á exposición pública e a tramitación conforme o decreto 133/2008, polo que se regula a declaración de impacto ambiental.

Oitavo. En data 9 de setembro de 2015 emítese edicto da alcaldía que contén o anuncio de exposición pública. O mesmo anuncio é insertado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña que se publica en data 25 de setembro de 2015 e no Diario Oficial de Galicia de data 15 de outubro de 2015.

Noveno. En data 24 de novembro de 2015 a secretaria municipal emite certificado de exposición ao público sen que se tiveren presentado alegación algunha.

Décimo. En data 25 de novembro de 2015 remítese copia do expediente administrativo á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente aos efectos de emisión do ditame de incidencia ambiental.

Décimo primeiro. En data 1 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello requirimento da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente de documentación adicional necesaria para a tramitación do expediente.

Décimo segundo. En data 3 de febreiro de 2016 confíreselle traslado ao interesado do requirimento recibido.

Décimo terceiro. En data 11 de maio de 2016 a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente reitera o requirimento efectuado. En data 19 de maio de 2016 confíreselle traslado ao interesado da reiteración recibida.

Décimo cuarto. En data 1 de xullo de 2016 o solicitante achega a documentación requirida pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, que é remitida en data 17 de agosto de 2016.

Décimo quinto. En data 8 de novembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9306, Ditame de Incidencia Ambiental

Décimo sexto. En data 13 de decembro de 2016 confíreselle traslado do ditame ao interesado.

Décimo sétimo. En data 2 de febreiro de 2017 ten entrada no Concello documentación acreditativa do



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

cumprimento das medidas correctoras impostas polo ditame de incidencia ambiental.

Décimo oitavo. En data 3 de marzo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras e actividade solicitadas.

Décimo noveno. En data 6 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente as obras e actividade solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Tendo en conta o exposto nos informes técnicos municipais de datas 13 de outubro de 2014 e 3 de marzo de 2017, e o informe xurídico de data 6 de marzo de 2017 que son asumidos por esta resolución coma motivación, conforme o disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do informe xurídico que se transcribe a continuación:

Primeiro. Remitímonos ao contido dos informes técnicos e xurídicos emitidos respecto á compatibilidade das obras e actividade pretendidas coa normativa urbanística municipal. Así mesmo, coma se xustificou no informe xurídico de data 9 de setembro de 2015, resulta aplicable ao presente expediente a normativa vixente no momento da solicitude, dado o prolongado período de tramitación que tivo lugar por mor da tramitación do decreto de incidencia ambiental.

Segundo. Coma se refire nos antecedentes administrativos, se procedeu a dar cumprimento aos trámites para obter o Ditame de Incidencia Ambiental, coa correspondente exposición ao público durante a cal non se efectuou alegación algunha. Unha vez emitido o ditame, éste reflicte as medidas correctoras que o titular da actividade debe levar a cabo para exercer a mesma.

Por parte do solicitante se procedeu a presentar documentación xustificativa do cumprimento das medidas correctoras impostas no Ditame de Incidencia Ambiental de data 28 de outubro de 2016. Visto o informe técnico municipal de data 3 de marzo de 2017, entendemos se cumpren coas previsións do ditame e polo tanto non existe impedimento para o outorgamento da licenza de actividade solicitada.

Por parte do solicitante se ten presentado o preceptivo proxecto de actividade redactado e asinado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel García Álvarez, que foi informada favorablemente e xunto coa xustificación do cumprimento das medidas correctoras documenta de forma axeitada a actividade a desenrolar e o cumprimento de tódala normativa de aplicación, polo que procede o outorgamento da licenza de actividade solicitada.

Terceiro. Dado que a concesión da licenza de obras se atopa condicionada a que a actividade resulte autorizable, para evitar a execución de obras destinadas a unha actividade que finalmente non se poida exercer, e visto que se teñen cumpridos os trámites e que o uso solicitado resulta autorizable, conforme a ordenación contida no Plan Parcial do Polígono Empresarial de Pazos, que determina un uso comercial-industrial, tendo en conta o exposto respecto á compatibilidade da actividade solicitada procede considerar se as obras son compatibles.

A este respecto, e conforme o informe técnico municipal, as obras consisten no acondicionamento da nave empresarial para o uso coma taller de reparación de automóbiles, con obras de distribución, revestimentos interiores, ampliación e dotación de instalacións precisas para o desenrolo da actividade. Todas estas obras, segundo o referido nos informes técnicos, son compatibles coa ordenación urbanística de aplicación.

En canto á documentación técnica necesaria para documentar as obras, cóntase co "Proyecto

de reforma de local para dedicar a taller de reparación de vehículos automóbiles" redactado e asinado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel García Álvarez, de data setembro de 2013, cos anexos de data 16 de setembro de 2014 e 1 de xullo de 2016, que xustifican extremos requiridos respectivamente polo técnico municipal e polos servizos técnicos da Consellería de Medio Ambiente, polo que non existe impedimento para outorgar a licenza de obras.

Polo tanto procede a concesión de licenza de obras e licenza de actividade, e conforme ao establecido no artigo 196.2 da LOUG, a concesión de ambas debe ser obxecto dunha soa resolución e estando condicionada a concesión da obra á previa de apertura da actividade.

Cuarto. Asimesmo, e conforme o disposto no artigo 13.2 do Decreto 133/2008, a licenza deberá determinar un prazo para o inicio do exercicio da actividade. Toda vez que no informe técnico municipal de data 22 de xullo de 2010 se determina un prazo máximo para a conclusión das obras de 24 meses dende a notificación do acto que outorgue a licenza, enténdese que este debe ser asimesmo o prazo para o inicio do exercicio da actividade. Unha vez transcorrido o citado prazo, o Concello poderá declarar a caducidade da licenza, mediante procedemento con audiencia ao interesado.

Segundo. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a TALLERES GLOBAL CAR S.L. Licenza municipal de actividade para taller de reparación de vehículos automóbiles en nave sita no Polígono Empresarial de Pazos, rúa Circular Este, parcela 29, conforme a memoria de actividade redactada e asinada polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel García Álvarez, expediente 54/2013 e consecuentemente outorgar a TALLERES GLOBAL CAR S.L. Licenza de obras para reforma e acondicionamento de nave existente sita no Polígono Empresarial de Pazos, rúa Circular Este, parcela 29, para exercicio de actividade de taller de automóbiles conforme o "Proyecto de reforma de local para dedicar a taller de reparación de vehículos automóbiles" redactado e asinado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel García Álvarez, de data setembro de 2013, cos anexos de data 16 de setembro de 2014 e 1 de xullo de 2016, expediente 160/2013.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso o correspondente certificado de fin de obra.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a. Clasificación do solo obxecto da actuación: Solo Industrial-comercial, ordenanza 1A, industria nido. Plan Parcial do Polígono de Pazos.
- b. Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: reforma de local para adicar a taller de reparación de vehículos automóbiles.
- c. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: Os existentes.
- d. Contía na que se orzan as obras: 45.165,00 euros (sen IVE)

